




O VENTO

Feito por: Jairo Balboa, Adriana Fdez.

ÍNDICE

1. Introducción
2. Que é o vento? I e II
3. Clasificación dos tipos de desertos
 - 3.1. Rochas en cogomelo
 - 3.2. Reg
 - 3.3. Dunas
4. Cómo afecta ao modelaxe externo?
 - 4.1. Loess
 - 4.2. Deflación
05. Conclusión
06. Webgrafía



INTRODUCCIÓN

O vento é un axente xeolóxico que modifica o relevo terrestre, sobre todo en zonas áridas. A súa forza permite erosionar, transportar e depositar materiais, formando paisaxes como as dunas ou os desertos. Estudar a súa acción axúdanos a comprender mellor os procesos que moldean a superficie da Terra.

QUÉ É O VENTO? I

O VENTO

O vento é un fluxo de aire a gran escala na atmosfera terrestre. Na atmosfera, o vento consiste no movemento en masa do aire provocado polas diferenzas de presión atmosférica.

Segundo Günter D. Roth, o vento é a compensación das diferenzas de presión atmosférica entre dous puntos.



QUÉ É O VENTO? II

POR QUÉ É UN AXENTE XEOLÓXICO?

O vento considérase un axente xeolóxico porque ten a capacidade de **erosionar, transportar e depositar materiais** da superficie terrestre. En zonas áridas, onde hai pouca vexetación, a súa acción erosiva é máis intensa.

O vento pode levantar e mover partículas finas, e ao chocar contra as rochas, esas partículas producen **abrasión**, desgastando e modelando o relevo. Estes procesos dan lugar a formas características, que se topan nos diferentes tipos de desertos que imos ver a continuación.



TIPOS DE DESERTOS FORMADOS POLO VENTO

DESERTOS DE AREA

Os desertos de area son amplas extensións cubertas por grans de area fina que o vento transporta e deposita constantemente. O vento ten unha gran capacidade para mover estas partículas lixeiras, que se van acumulando en formas moi características como as dunas ou o loess. Un exemplo é o Deserto do Sahara.



DESERTOS DE GRAVA OU PEDRA

Nestes desertos, o vento elimina as partículas máis finas, deixando no chan pedras e cantos rodados, un proceso coñecido como deflación. O resultado é unha superficie pedregosa chamada reg. Outra forma característica son as rochas en cogomelo, creadas pola abrasión. Un exemplo é o Deserto de Atacama.

CLASIFICACIÓN

ROCHAS EN COGOMELO



REG



DUNAS



ROCHAS EN COGOMELO

Rochas que atopamos de forma natural na paisaxe, principalmente en climas áridos.


Son causadas debido ao arrastre de area polo vento, que erosiona as rochas prducindo esta peculiar forma.



REG



Un exemplo é o Reg do Teneré



Os Reg ou tamen coñecidos como desertos de rochas, son producidos polo vento radial, que produce un transporte (deflación) selectivo , despoxando materiais finos ao terreo, deixando extensións cubertas de pedras.

DUNAS



Dunas de Maspalomas (Gran Canaria)

As dunas son acumulacións de area que se forman cando os grans de area son desprazados polo vento e se acumulan arredor dun obxecto máis grande co que se atopan, como o tronco dunha árbore, unha rocha, unha planta, etc.



CÓMO AFECTA AO MODELAXE EXTERNO?

A capacidade erosiva do vento basease no transporte dos materiais máis finos (area, arxila...). Estas partículas son arrastradas a moita altura e poden tardar miles de quilómetros en caer de novo ao chan. Isto dá lugar a o **loess**. En algunhas zonas como o deserto prodúcese o proceso de **deflación**. Deste xeito, o vento destrúe relevo mediante a erosión e a abrasión pero tamén constrúe novas formas, modelando así o relevo terrestre.



Meseta de Huangtu ou Meseta de Loess

LOESS



Os loess son extensos depósitos de po transportado polo vento, que dan lugar a terreos moi fértiles.

DEFLACIÓN



A deflación é un fenómeno que produce violentas correntes ascendentes de aire que levantan a area e o po a gran altura. Isto prodúcese polo forte quencemento do solo.

CONCLUSIÓN

O vento é un axente xeolóxico fundamental na modelaxe da superficie terrestre.

A través da erosión, o transporte e a sedimentación, modifica o relevo e crea paisaxes características, sobre todo nas zonas áridas e desérticas.

A súa acción erosiva, como a abrasión e a deflación, desgasta as rochas e move grandes cantidades de material, mentres que o transporte e depósito dan lugar a formacións como as dunas, o loess ou o reg.

Aínda que actúa de forma lenta e continua, o vento demostra que mesmo un elemento invisible pode ter unha enorme forza transformadora sobre a Terra.



WEBGRAFÍA

- <https://sierradebaza.org/noticias/19-11-notic8>
- <https://tripomatic.com/es/poi/meseta-de-loes-poi:24644299>
- https://es.wikipedia.org/wiki/Pavimento_desértico
- <https://es.wikipedia.org/wiki/Desierto>
- Libro de Santillana ISBN: 978-8491854272
- <https://anellides.com/es/blog/que-son-las-dunas/>

MOITAS

GRACIAS